



PLAN DE TRABAJO

COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

1) **Introdución, contextualización e xustificación do plan.**

Elabórase este Plan de Trabajo de acordo coa Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia dos centros docentes de Galicia.

O IES Xunqueira II é un centro educativo inaugurado no ano 1986 e situado no Campus Universitario de Pontevedra, a carón da cidade.

No curso 2024-2025, o centro conta cun total de aproximadamente 744 alumnos repartidos en 33 aulas e catro liñas por nivel. O centro tamén acolle alumnado de bacharelato procedente doutros centros adscritos, CPR Sagrado Corazón de Pontevedra e IES Cotobade.

Dende hai cinco anos, o centro participa no proxecto CP Inclúe da Consellería de Educación, nas liñas de prevención do abandono temperán e absentismo (Quéda-T), convivencia (Convíve-T), educación emocional (Emoción-T), igualdade (Iguála-T) e inclusión da diversidade (Inclúe-T), desenvolvendo actividades dirixidas a potenciar os elementos básicos da educación emocional: conciencia de si mesmo, autoestima, xestión de emocións e autorregulación, relacións sociais e resolución positiva de conflitos; actividades encamiñadas á análise dos axentes de socialización do alumnado (familias, centro, grupos de iguais, medios de comunicación), para coñecer o grao de pervivencia de estruturas patriarcais, do machismo, do sexismo, da violencia de xénero e da LGTBIfobia, club de lectura de temática LGBTIQA+ e actividades coeducativas de expertas/os; e actividades deseñadas para promover unha mirada positiva cara a diversidade (diferentes traxectorias escolares...). Ademais é un centro que promove as actividades extraescolares e a convivencia co alumnado doutros centros, como acontece na celebración da Semana Cam (semana do cómic), na que o noso alumnado invita aos/ás compañeiros/as do IES Xunqueira I a participar nas diversas actividades ou nos encontros de clubs de lectura que propicia o Concello no Salón do Libro de Pontevedra.

No marco da súa autonomía pedagóxica e na procura da equidade e a excelencia na educación, o centro diseña este Plan co obxecto de ofrecer unha resposta coordinada,



coherente e axeitada ás necesidades de mellora detectadas durante o curso pasado nos eidos da mellora da convivencia positiva, a procura do benestar emocional do alumnado e a asunción dos valores que nos levan a construír unha sociedade igualitaria e respectuosa coa diversidade afectivo-sexual. Recóllense, pois, aquelas propostas de mellora explicitadas nas diferentes memorias do centro e nas actas de reunións formais.

b) Análise do contexto, situación de partida do centro.

Sinalamos a continuación as necesidades do centro nunha breve análise DAFO:

Fortalezas: profesorado relativamente estable facilita o desenvolvemento de proxectos a longo prazo. A inclusión, como principio, nótase no apoio prestado na aula por parte da pedagogía terapéutica (PT) e na existencia de Agrupamentos Flexibles nos dous primeiros cursos da ESO para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe. No presente curso académico, os agrupamentos serán substituídos por desdobres que baixen a ratio dos grupos nestes dous cursos. O dinamismo nas actividades complementarias e extraescolares son tamén fortalezas a destacar. Este curso solicítase novamente o CP Inclúe nas liñas de Quéda-T, Convíve-T, Iguála-T, Inclúe-T e Emociona-T.

Fraquezas: ratio moi elevada por aula que dificulta unha axeitada atención ao alumnado con NEAE escolarizado no noso centro, pois precisa dunha ampla formación e dispoñibilidade por parte do profesorado, ademais de supor un reto para a inclusión e a convivencia, con perfís de alumnado que precisa da mellora das súas competencias socioemocionais e do coidado do seu benestar emocional. Na análise das condutas contrarias ás normas, identificáronse condutas inaxeitadas: violencia entre iguais, LGBTIfobia e machismo, que xustifican a necesidade de traballar a convivencia en positivo, a igualdade e diversidade dende unha perspectiva integradora que fomenta a participación do alumnado na mellora do clima escolar.

Ameazas: a carga horaria do profesorado dun centro con ratios tan elevadas dificulta a súa implicación nas actividades dirixidas ao fomento do benestar e a convivencia e limita as oportunidades de coordinación e planificación das mesmas en horario lectivo. Tamén son ameazas a ter en conta as baixas expectativas dalgún alumnado así como outros factores



socioeconómicos alleos ao centro. Por último, compre sinalar tamén a falta de apoio por parte dunha pequena porcentaxe de familias que co seu cuestionamento da actividade docente ou das decisións tomadas desde o centro entorpece o desenvolvemento dun clima construtivo de traballo.

Oportunidades: a ubicación próxima á cidade ofrece oportunidades educativas e de acceso a recursos de interese, por exemplo, con grupos de axuda LGBTIQA+, clubs de lectura, oferta de actividades complementarias e extraescolares financiadas polo Concello en temas de benestar e convivencia. Así tamén, o aproveitamento dos espazos da contorna natural do centro terase en conta no deseño deste Plan. A nova lexislación educativa, na que se recoñece a educación emocional, a educación para a igualdade e para a convivencia como obxectivos de aprendizaxe, enténdese como unha oportunidade para traballar en horario lectivo algunhas das actividades propostas neste Plan.

c) Obxectivos, nos cales se especificarán indicadores.

- 1) Fomentar a igualdade entre homes e mulleres así como a prevención en materia de violencia de xénero, violencia entre iguais e LGBTIfobia.

Indicadores:

- Realizárase formación de sensibilización en materia de violencia de xénero e de coñecemento da realidade do colectivo LGBTIQA+, destinada ao alumnado.
- Darase continuidade ao club de lectura de Igualdade e diversidade LGBTIQA+.
- Deseñarase material de concienciación e darase visibilidade á diversidade social no centro.

- 2) Fomentar nos tempos de lecer a diversidade no uso dos patios e na oferta de actividades lúdicas.

Indicadores:

- Establecerase un uso diferenciado dos patios dos que dispón o centro, co fin de atender á diversidade de intereses.
- Estableceranse días específicos para xogar ao fútbol, de xeito que nos días restantes sexan outras actividades as que se poidan practicar de xeito máis integrador de homes e mulleres e de diversidade funcional.
- Darase continuidade aos xogos de mesa, habilitando no patio interior mesas de xogo e cadeiras que se sumarán ás dispoñibles na sala de Polos Creativos. O uso deste patio



concíbese como un espazo de calma e benestar para alumnado altamente sensible ao ruído ou ás aglomeracións.

3) Revisar e actualizar o plan de acollida no marco do paso de primaria a secundaria.

Indicador:

- Revísase e actualízase o plan de acollida para o alumnado de 1.º de ESO.

4) Introducir as prácticas restaurativas como estratexia para fomentar vínculos positivos e xestionar conflitos de baixa intensidade.

Indicador:

- As persoas titoras empregaron alomenos en tres ocasión durante o curso a ferramenta do diálogo restaurativo.

5) Redactar o Plan de Igualdade e Diversidade do centro.

Indicador:

- Apróbase e redáctase o Plan de Igualdade e Diversidade do centro.

6) Fomentar un plan de acción tutorial en 1.º de ESO que permita crear grupos de traballo de diferentes temáticas, mesturando a todo alumnado do nivel que redunde na mellora da convivencia e favoreza a descuberta de novos intereses máis alá do puramente académico.

Indicadores:

- Fixaranse as horas de titoría para todos os grupos de 1.º de ESO o mesmo día e a mesma hora.
- Crearanse grupos de traballo (Radio Escolar / Proxecto Artístico / Horta Escolar/ Organización e Xestión de Eventos (fomentando o uso de Polos Creativos) / *Pilates / Xornal Escolar) nos que dúas veces ao mes, na hora de titoría, o alumnado se mesturará para colaborar no grupo da súa escola. Deberán cambiar de grupo cada trimestre.

7) Previr situacións de acoso escolar, ciberacoso e violencia entre iguais en espazos virtuais e en liña, mediante a formación dos estudantes e ás súas familias.

Indicadores:

- Desenvólvense obradoiros externos para alumnado e familias sobre a temática.
- Desenvólvense iniciativas relacionadas coa temática nas titorías.



8) Procurar o benestar emocional do alumnado adolescente. Desenvolver competencias emocionais que sexan protectoras da saúde mental e a resiliencia, reducindo os problemas relacionados coa ideación suicida, as autolesións, a ansiedade e outros relacionados coa saúde mental e o benestar.

Indicadores:

- Realízanse obradoiros externos sobre a temática.
- Asígnanse (sempre de xeito voluntario) titorías persoais, profesorado de referencia ou mentorías entre iguais a alumnado vulnerable.

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

- De xeito trimestral, a persoa coordinadora terá un punto na orde do día da CCP no que exporá os obxectivos e a valoración dos avances e dificultades do Plan de Traballo.
- Realizarase unha memoria final na que se comprobará o grao de consecución dos obxectivos a partir do grao de cumprimento dos indicadores (acadado, non acadado, en proceso).

E para que así conste,

A Coordinadora de Benestar

Eva López Rodríguez